



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adi@concellocarballedo.es

info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

DECRETO.- APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022, DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. -

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS PEÑONS DE SERVIZOS MÚLTIPLES / PEÑONS DE OBRAS / PEÑONS EN XERAL, PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO, para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, ao abeiro do "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO". Ano 2022. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses.-

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo nº 006 do 10 de xaneiro de 2022.

Vista a solicitude de subvención presentada polo Concello de Carballedo ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, para o "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022".

Vista a Memoria Descritiva das necesidades de contratación para o "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022", remitida polo Concello de Carballedo á Excm. Deputación Provincial de Lugo, no marco do amentado Plan Provincial Único.

Considerando a necesidade de proceder coa maior urxencia á aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de DOUS peñons de servizos múltiples / peñons de obras / peñons en xeral, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses.

Considerando a necesidade de proceder á maior urxencia á dita contratación para a cobertura inmediata do servizo.

Considerando a conveniencia de aprobar o expediente por avocación de competencias, atendendo a necesidade inmediata de posta en funcionamento do servizo, ante a imposibilidade de esperar á próxima Xunta de Goberno Local, e conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal, polo presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local para o presente acordo, e Aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña, así como a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de DOUS peñons de servizos múltiples / peñons de obras / peñons en xeral, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, ao abeiro do "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO". Ano 2022. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses.-

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria, e facilitar á Deputación de Lugo unha copia das bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,
O alcalde, Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco
O secretario, Fernando Torre Comesaña

ANEXO.- BASES DA CONVOCATORIA:



Cod. Validación: ALMJJZDR4W3KSY3NLFNKMYRG4 | Corrección: <https://carballedo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES / PEÓNS DE OBRAS / PEÓNS EN XERAL.-"

BASES da convocatoria para a provisión, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, de dous peóns de servizos múltiples / peóns de obras / peóns en xeral, para o SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO, para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, ao abeiro do "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO". ANO 2022. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses.-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de DOUS PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES / PEÓN DE OBRAS / PEÓN EN XERAL para o SERVIZO DE OBRAS do Concello de Carballedo, para realizar os traballos que figuran descritos na Memoria descritiva das necesidades de contratación para o "Programa de Fomento do Emprego 2022", que foi remitida á Excm. Deputación de Lugo xunto coa Solicitud de subvención presentada polo Concello de Carballedo ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo no marco do amentado Plan Único de Cooperación cos concellos 2022.

Tipo de contrato: laboral, temporal a tempo completo, por circunstancias da produción.

Sistema selectivo: Concurso-oposición.

Tempo de contrato: 6 meses.

Prazas: dúas (2)

Titulación mínima: non se esixe.

Retribucións: segundo a Memoria Descritiva das necesidades de actuación.

Período de proba: Establécese un período de proba de dous (2) meses (art. 14 do E.T.).

Esta contratación temporal será a xornada completa, relacionado coa duración do programa subvencionado, e segundo o previsto na Memoria Descritiva das necesidades de actuación do Programa de Fomento do Emprego 2022.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal por circunstancias da produción, por un período de seis meses, para a contratación de DOUS PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES / PEÓN DE OBRAS / PEÓN EN XERAL, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, Programa de FOMENTO DO EMPREGO 2022.

SEGUNDA.- REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre circulación de traballadores neste sector.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- Estar en posesión da titulación mínima requirida para o posto a desenvolver segundo oferta pública de emprego publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.
- Será requisito específico o seguinte: "a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello."
- Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas neste Programa, os traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello de Carballedo.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Carballedo presentará a correspondente oferta de emprego mediante a publicación de anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: As solicitudes para participar neste proceso selectivo formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Carballedo ou polas outras formas previstas na lexislación vixente, durante o prazo máximo de **SETE DÍAS NATURAIS, desde o 02/01/2023 ao 08/01/2023.**

As bases do proceso selectivo estarán a disposición dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello, e na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo. A instancia acompañarase dos seguintes documentos:

- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada dos méritos aportados.
- Copia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenvolver, e de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.**
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Cada aspirante presentará **instancia (Anexo II)** no prazo sinalado, dirixida ao Tribunal Cualificador para o SERVIZO DE OBRAS, PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, na Oficina de Rexistro do Concello de Carballedo, **en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres**, acreditando os méritos sinalados que figuran no Anexo I. A Oficina de Rexistro do Concello selará e datará a Instancia, e entregarálle fotocopia da mesma ao interesado se así o solicita.

En caso de presentar a instancia noutro rexistro distinto ao do Concello de Carballedo, o aspirante deberá enviar copia da **solicitud completa** ao correo electrónico adi@concellocarballedo.es, antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

A lista de aspirantes presentados, admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo máximo de dous días hábiles dende que remata o prazo de presentación de instancias.

A cualificación, levarase a cabo polo Tribunal Cualificador, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación total, aos efectos da súa contratación.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

En caso de empate entre os aspirantes, para proceder ao desempate aplicarase os criterios de selección establecidos no artigo 14.5. da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, publicada no DOG núm. 21 de 1 de febreiro de 2022, Consellería de Emprego e Igualdade:

“ terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento."

Se algún candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal sería a favor dos seguintes con maior puntuación total.

FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.- Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

Segundo a puntuación sinalada no ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

FASE DE OPOSICIÓN.- Puntuación máxima: 20 puntos.

Será obrigatoria, eliminatoria e anónima, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o temario sinalado no **Anexo IV das presentes bases.**

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 1 hora.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acada-la puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección. Por cada resposta incorrecta, descontarase 0,25 puntos.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal Cualificador estará constituído da seguinte forma:

- **Presidente:** O funcionario encargado de obras e servizos do Concello de Carballedo.
Suplente do presidente: persoa en quen delegue.
- **Vogais:**
 - 1º **vogal:** o Técnico local de emprego do Concello de Carballedo.
Suplente 1º vogal: outro persoal laboral do Concello de Carballedo.
 - 2º **vogal:** a Orientadora Laboral do Concello de Carballedo.
Suplente 2º vogal: outro persoal laboral do Concello de Carballedo.
 - 3º **vogal:** a Representante sindical dos traballadores do Concello de Carballedo.
Suplente 3º vogal : outro persoal laboral do Concello de Carballedo.
- **Secretaria:** a Administrativa do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

Seralle de aplicación ao tribunal o previsto na lexislación vixente, en canto as causas de abstención e recusación.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, e terá lugar unicamente entre os candidatos que presentaran a correspondente instancia en prazo e a documentación que a acompaña.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia. Nese mesmo acto, procederase á entrevista persoal e a valoración polo Tribunal dos méritos aportados polos/as candidatos/as.

QUINTA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.-

Os contratos formalizaranse entre o Concello e os candidatos/as seleccionados/as na data que se indique, por un tempo de SEIS MESES.

SEXTA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA.- DEREITO SUPLETORIO.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

OITAVA.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na lexislación vixente."

ANEXO I.- CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

-A) Entrevista persoal, (puntuación máxima: 6,00 puntos) na que se valorarán as aptitudes e actitudes necesarias para posto de traballo a desenrolar e para as funcións inherentes ao mesmo. As/os aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestións básicas e prácticas relacionadas co posto a desenvolver.

-B) Formación: (puntuación máxima : 4,00 puntos).

- Carné de conducir B: **1 punto.**
- CELGA 2, ou superior: **1 punto.**
- Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas a desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades:
 - De 10 a 50 horas: 0,50 por cada curso.
 - De 51 a 100 horas: 1 punto por cada curso.
 - De máis de 100 horas: 1,5 puntos por cada curso.
- Outros cursos: 0,25 cada curso, ata un máximo de 1 punto.

Os méritos do apartado B), acredítanse con copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.-

D./D^a. , con DNI e
domicilio a efectos de notificacións en:
.....
CP. Localidade
Teléfono / móbil: /
E-mail

EXPOÑO:

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e bases para a selección de DOUS PEÓNS DE SERVICIOS MÚLTIPLES / PEÓN DE OBRAS / PEÓN EN XERAL para o SERVIZO DE OBRAS (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2022) como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballedo.

II.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenvolver, e de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.**
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achega).

AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN. Posto: 2 Peóns de Servizos Múltiples / Peón de Obras, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, (Programa de FOMENTO DO EMPREGO 2022).



Cod. Validación: ALMJJZDR4W3KSY3NLFNKMYRG4 | Corrección: <https://carballedo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballo.es info@concellocarballo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO III. - DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D./D^a. con D.N.I., declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade que na actualidade teño a **capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais** na ocupación de PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES / PEÓN DE OBRAS / PEÓN EN XERAL, e tamén declaro non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Declaro baixo a miña responsabilidade que **na actualidade estou anotado nos servizos públicos de emprego, e teño vixente a Tarxeta de demanda de emprego, figurando como desempregado ou en situación de mellora de emprego.**

Tamén manifesto que **non teño expediente disciplinario**, nin fun despedido por causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha Administración Pública.

En Carballo, a.....de.....de 2022.

Sinatura,





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: adi@concellocarballo.es

info@concellocarballo.es

FOMENTO DO EMPREGO, 2022 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO IV. - TEMARIO PARA A FASE DE OPOSICIÓN.

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- O municipio de Carballo. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.
- Tema 4.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas na ocupación de peón de servizos múltiples / peón de obras.
- Tema 5.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na ocupación de peón de servizos múltiples / peón de obras. Equipos de protección individual.
- Tema 6.- Mantemento de ferramentas e útiles de traballo.
- Tema 7.- Cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar: peón de servizos múltiples / peón de obras. ”

